


# POLO MIÑO CON MANUEL MARÍA (3) O MIÑO GALEGO-PORTUGUÉS





Adela Leiro, Mon Daporta  
outubro 2024



Distancia: 90 km + camiñadas  
Dificultade: baixa

Este tramo abrangue os derradeiros 90 km do curso, nos que o Miño volve ser un río ceibe, mais non un río natural porque, por cousa do aproveitamento eléctrico, o seu caudal vai minguado e ten un fluxo irregular e imprevisible. Neste traxecto seguimos o Miño que conserva, como pode, a súa beira natural coas especies que sempre medraron ao seu carón mesturadas, como por desgracia adoita ser habitual en todos os sistemas naturais, con especies introducidas e invasoras; e o mesmo sucede na auga na que seguen a desenvolverse, aínda que en menor número, as especies que facían do Miño un río peixeiro e farturo, as especies que permiten que sigan a ser posibles, aínda que limitadas pola lexislación e o número de exemplares, os traballos e a teren utilidade as artes tradicionais que lle deron sona; neste tramo derradeiro segue a ser o río das lampreas e os meixóns, e o río das pesqueiras e os voitiróns, ao pé do que se atopan as localidades que conservan actividades relacionadas co aproveitamento dos recursos pesqueiros e as receitas para a súa degustación, e que celebran a permanencia destas especies con festas na honra dos peixes que lle deron valor ao seu traballo –festas do meixón en Tui e Salceda de Caselas, da lamprea en Arbo (da que xa van alá 64 edicións), festa dos pescadores das pesqueiras en Melgaço, festivais da lamprea en Saõ Pedro da Torre- Valença e outras localidades da beira portuguesa,...- E mentres segue o camiño do Sol para ir render a súa vida ao Atlántico marca o límite territorial entre Galiza e Portugal, convértese nun río fronteira, mais nunha fronteira que mantén, nunha e noutra beira, relacións, tradicións, aproveitamentos e problemas compartidos por xentes que se asentaron en localidades parellas, entre as que as boas relacións e a necesidade de mellorar as comunicacións propiciaron, no tramo final do século pasado, a construción de novas canles de comunicación (pontes e transportes fluviais) que se converteron en novos puntos de achegamento e facilitaron os intercambios e o xurdir de proxectos comúns que deron lugar á creación das Euro-cidades e da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal, que ten entre outros campos de traballo o de recuperar e impulsar o coñecemento do Patrimonio Cultural Inmaterial común.



Arbo

## PERCORRIDO

Desde todas as localidades próximas ao río, tanto galegas como portuguesas, é posible achegarse á auga, porque a maiores de teren acceso aos puntos de aproveitamento dos recursos pesqueiros tamén adoita haber acceso a recursos paisaxísticos e de lecer -praias fluviais, miradoiros e roteiros-, e desde eles percorrer tramos da beira seguindo itinerarios acondicionados ou camiñando polos carreiros de pescadores.



O miño en Arbo (A Paradanta)

**Proclama aos peixes do río Miño  
Meus amadísimos peixes, ordenados  
en tribos, provincias e naciós:  
salmós, troitas, anguías,  
escalos, sábalos, lampreas  
e aínda o recente blas-blas...**

...

**Coidade dos fondos subacuáticos  
e non deixedes luxar endexamais  
a pureza das augas cristalinas.**

...



Praia en Monção

**... Servidor ten cavilado que o Miño non é fronteira  
entre Galicia e Portugal, senón todo o contrario: é unha  
voz vivificadora que abrangue as dúas patrias para  
xuntalas e non para arredalas...**

(ANDANDO A TERRA, 1977-1987, co pseudónimo de Manuel Hortas Vilanova)



A Pousa en Crecente (A Paradanta)



Pesco en Arbo (A Paradanta)



Largando as redes en Goián (Baixo Miño)

**O Miño é un patrimonio da tódolos galegos e  
portugueses. Pro nós non somos os seus donos, senón  
os seus usufructuarios. Tal como o recibimos dos nosos  
devanceiros temos que deixalo ós que nos sucedan.  
Non facelo sería un delito. Non temos dereito nin razón  
para derramar o Miño. A ver si se enteran os  
inconscientes e os contaminadores...**

(ANDANDO A TERRA, 1977-1987, co pseudónimo de Manuel Hortas Vilanova)



Vista do Miño e Tui desde Valença  
**... e en Tui comezas a prepararte xa para morrer...**  
**... mentres *un non saber*, salgado e luminoso, che vai enchendo de sombra o corazón.**  
O MIÑO CANLE DE LUZ E NÉBOA (1996)



Tramo final do Miño desde o miradoio do monte dos Góios (Lanhelas)  
**...O Miño morre calado sen berros nin suspiros: leva toda a dor de Galiza para tentar afogar no mar tanta inútil tristeza e por se aínda é posiblel resucitar os sonos...**  
O MIÑO CANLE DE LUZ E NÉBOA (1996)



A desembocadura do Miño desde o Trega



A desembocadura do Miño desde Caminha

***...O Miño morre calado sen berros nin suspiros:  
leva toda a dor de Galiza para tentar  
afogar no mar tanta inútil tristeza  
e por se aínda é posiblel resucitar os sonhos...***

O MIÑO CANLE DE LUZ E NÉBOA  
Manuel María (1996)